



Benestar colabora coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas na posta en marcha dun sistema en liña de videoconferencia pioneiro en Galicia



- ▶ A conselleira de Trabajo e Benestar, Beatriz Mato, e o presidente da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), Iker Sertucha, presentaron na Coruña 'O Servizo de Axente de Recursos Sociais'

Traballo inviste máis de 24 millóns de euros en tres liñas de axudas que poderán beneficiar a preto de 3.000 autónomos este ano

- ▶ Por unha banda, a Xunta investirá 15,6 millóns de euros para apoiar o establecemento como traballador ou traballadora autónoma ou por conta propia
- ▶ A través da orde de iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E), que conta cun orzamento de 4,5 millóns de euros, apoiarase a xeración de emprego estable
- ▶ Estas dúas iniciativas complétanse con outros preto de 4 millóns de euros para incentivar, por primeira vez, a contratación indefinida de ata tres traballadores

Galicia e Asturias exploran liñas comúns de actuación para impulsar a dinamización demográfica no noroeste peninsular



- ▶ A conselleira de Trabajo e Benestar, Beatriz Mato, mantivo unha xuntanza co conselleiro de Presidencia e portavoz do Goberno de Asturias, Guillermo Martínez, para sentar as bases desta colaboración
- ▶ Galicia e Asturias, xunto con Castela e León, son as rexións con maior índice de envellecemento de España
- ▶ O obxectivo de establecer a cooperación en materia de poboación é maximizar os resultados das políticas de loita contra o problema demográfico que se levan a cabo nestas rexións

Informe do paro rexistrado

Galicia pechou o mes de setembro cun total de 260.733 persoas desempregadas

- ▶ A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz López, considerou que se trata dun dato que "non é positivo" ao rexistrarse un aumento do desemprego, un comportamento habitual nos meses de setembro

Sumario	Traballo e economía social	2-3	Política social	6-12
	Sinistralidade laboral	2	Xuventude e voluntariado	13-14
	Formación e emprego	4-5	Publicacións	15-16
	Informe do paro rexistrado	5	Normativa	16-22

Créditos	Edita: Consellería de Trabajo e Benestar
	Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas
	Coordinación: Pepa Dabán Royo
	Maquetación: Antonio Lameiro Ces
ISSN: 2254-7835	

O DOG publica o decreto da nova carteira de servizos á dependencia que permitirá a Galicia ser a Comunidade máis innovadora neste eido

A sinistralidade laboral reduciuse nun 8,75% en Galicia ata agosto deste ano

Santiago, 29 de setembro de 2013.- A sinistralidade laboral diminuíu un 8,75% nos oito primeiros meses do ano en Galicia, cun total de 14.386 accidentes laborais fronte aos 15.766 no mesmo período do ano 2012.

Este descenso dos accidentes laborais produciuse en todas as provincias: nunha porcentaxe do 10,71% en Pontevedra, do 9,59% na Coruña, nun 4,75% en Ourense, e do 2,67% en Lugo.

En canto aos accidentes laborais en xornada laboral rexistrados en Galicia en agosto de 2013, a cifra diminuíu

- ▶ Este descenso dos accidentes laborais produciuse en todas as provincias: nunha porcentaxe do 10,71% en Pontevedra, do 9,59% na Coruña, nun 4,75% en Ourense, e do 2,67% en Lugo
- ▶ En canto aos accidentes laborais en xornada laboral rexistrados en Galicia en agosto de 2013, a cifra diminuíu un 9%
- ▶ Do total dos accidentes rexistrados en agosto, 1.623 foron accidentes leves, 22 graves e 4 mortais.

un 9%. Neste mes rexistráronse 1.649 accidentes fronte aos 1.812 accidentes rexistrados no mesmo mes do ano anterior. Do total dos accidentes, 1.623 foron accidentes leves, 22 graves e 4 mortais.

Diminuíron os accidentes en todos os sectores agás na agricultura: na construción nun 15,30%, nos servizos nun 9,78%, na industria nun 7,09% e na pesca nun 2,25%. Na agricultura aumentou nun 1,12%.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, utilízase o índice de incidencia, que compara o número de accidentes co número de traballadores coas continxencias profesionais cubertas.

O índice de incidencia do total dos accidentes en xornada laboral en Galicia, diminuíu un 10,26% en agosto deste ano respecto ao mesmo mes do ano anterior. Por sectores, diminuíu nos servizos nun 13,95%, na construción nun 5,01% e na industria nun 3,58%; aumentou na pesca nun 2,52% e na agricultura nun 8,03%.

Accidentes totais en xornada laboral acumulado xaneiro-agosto 2012-2013

	2012			2013			% Variacións		
	Home	Muller	Total	Home	Muller	Total	Home	Muller	Total
Agricultura	552	176	728	522	223	745	-5,43	26,70	2,34
Pesca	686	89	775	696	78	774	1,46	-12,36	-0,13
Industria	3.684	745	4.429	3.453	667	4.120	-6,27	-10,47	-6,98
Construción	2.575	27	2.602	1.760	14	1.774	-31,65	-48,15	-31,82
Servizos	4.144	3.088	7.232	3.656	3.317	6.973	-11,78	7,42	-3,58
Totais...	11.641	4.125	15.766	10.087	4.299	14.386	-13,35	4,22	-8,75

Accidentes totais en xornada laboral acumulado xaneiro-agosto 2012-2013

	2012			2013			% Variacións		
	Home	Muller	Total	Home	Muller	Total	Home	Muller	Total
A Coruña	5.280	1.905	7.185	4.485	2.011	6.496	-15,06	5,56	-9,59
Lugo	1.216	433	1.649	1.104	501	1.605	-9,21	15,70	-2,67
Ourense	1.144	456	1.600	1.067	457	1.524	-6,73	0,22	-4,75
Pontevedra	4.001	1.331	5.332	3.431	1.330	4.761	-14,25	-0,08	-10,71
Totais...	11.641	4.125	15.766	10.087	4.299	14.386	-13,35	4,22	-8,75

http://issga.xunta.es/portal/contido/observatorio/estadisticas/accidentes/norma_0004.html

Onde estamos | Contacta conosco | Mapa web | Accesibilidade | Busca avanzada | RSS | Galego | Castelán

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

Saúde laboral no marisqueo a pé

Quero saber máis

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Máis de 24 millóns de euros en tres liñas de axudas que poderán beneficiar a preto de 3.000 autónomos este ano

- ▶ Por unha banda, a Xunta investirá 15,6 millóns de euros para apoiar o establecemento como traballador ou traballadora autónoma ou por conta propia
- ▶ A través da orde de iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E), que conta cun orzamento de 4,5 millóns de euros, apoiarase a xeración de emprego estable
- ▶ Estas dúas iniciativas complétanse con outros preto de 4 millóns de euros para incentivar, por primeira vez, a contratación indefinida de ata tres traballadores.

Ourense, 24 de setembro de 2013.- A Consellería de Traballo e Benestar investirá este ano máis de 24 millóns de euros en tres liñas de axudas dirixidas a traballadores e traballadoras autónomos das que se poderán beneficiar preto de 3.000 persoas. O director xeral de Traballo e Economía Social, Odilo Martiñá, e o delegado territorial da Xunta en Ourense, Rogelio Martínez, presentaron en Ourense os programas que xa saíron publicados no Diario Oficial de Galicia.

Martiñá explicou que "estas ordes teñen por obxectivo paliar os efectos da crise nas persoas traballadoras autónomas dinamizando o mercado de traballo e perseguindo unha mellora da calidade do emprego e das relacións laborais en Galicia, unha finalidade que constitúe tamén unha das prioridades da política de emprego da Consellería de Traballo e Benestar".

En primeiro lugar, a Consellería de Traballo e Benestar porá á disposición de autónomos unha liña de financiamento que contará con preto de 15,6 millóns de euros para actuacións subvencionables entre o 11 de setembro de 2012 e o 30 de setembro de 2013. Este programa específico de autónomos, cofinanciado polo Fondo Social Europeo (FSE), inclúe dous tipos de axuda: unha subvención polo establecemento como traballador ou traballadora autónoma ou por conta propia, co fin de facilitarlles durante o inicio da actividade un ingreso

mínimos; e outra financeira de redución de xuros de préstamos necesarios para a súa constitución como autónomo.

A orde concede axudas a fondo perdido aos desempregados polo feito de constituírse en traballadores autónomos, que oscilan entre os 5.000 euros, no caso de desempregados con discapacidade ou en risco de exclusión social. Ademais, a segunda subvención será equivalente á redución de ata catro puntos do tipo de xuro fixado pola entidade financeira que conceda o préstamo, calculada sobre os oito primeiros anos de vivencia. O prazo xeral para a presentación de solicitudes das distintas axudas será dun mes desde a data da solicitude de alta na Seguridade Social ou mutualidade do colexio profesional, entrando as persoas que, cumprindo cos requisitos e condicións establecidas na convocatoria de axudas, formalicen a dita alta entre o 11 de setembro de 2012 e o 30 de setembro de 2013, ambas datas inclusive.

Plan Impulsa

O segundo programa dirixido a autónomos que financia a Consellería de Traballo e Benestar é o de iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E), cofinanciado polo Fondo Social Europeo (FSE). Esta orde, que conta cun orzamento de 4,5 millóns de euros, ten por obxecto xerar



emprego estable para persoas desempregadas, principalmente entre a xuventude e mulleres, apoiando e dinamizando o desenvolvemento de novas iniciativas empresariais en Galicia, con especial atención aos concellos do rural galego.

A iniciativa inclúe cinco tipos diferentes de axudas. En primeiro lugar, a subvención de entre 4.000 e 6.000 euros á xeración de emprego estable de carácter indefinido para persoas desempregadas. As axudas de 4.000 euros serán para persoas desempregadas en xeral e poderán chegar ata os 6.000 no caso de persoas desempregadas que esgotasen a prestación, de longa duración, emigrantes retornados, pertencentes a colectivos en risco de exclusión social ou con discapacidade. Así mesmo, inclúe unha subvención financeira mediante a redución de xuros de préstamos para financiar os investimentos en inmovilizado ou material intanxible que sexan necesarios para a creación e posta en marcha da empresa; para asistencia técnica na toma de decisións mediante cursos de formación ou realización externa de estudos e informes sobre a

actividade; subvención para o inicio de actividade de ata 4.800 euros; e para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar de ata 3.000 euros.

Contratación de ata o terceiro traballador

Estas dúas iniciativas complétanse con outros preto de 4 millóns de euros para favorecer a creación de novos empregos estables e a inserción laboral de persoas en desemprego. A convocatoria desta subvención xa saíu publicada no DOG o pasado mes de xuño. Este ano, a través destas axudas, incentívase por primeira vez a contratación indefinida de ata tres traballadores nos tres primeiros anos de actividade das persoas autónomas ou profesionais en xeral, fronte á anterior convocatoria que só financiaba a contratación do primeiro empregado durante o primeiro ano de contratación.

O director xeral de Traballo, por último, destacou que en 2012, o departamento autonómico investiu na provincia de Ourense máis de 3,8 millóns de euros en axudas a este colectivo que beneficiaron a máis de 500 autónomos.

Formación e emprego

A Xunta desbloquea a convocatoria de dúas novas ordes de formación, que elevan o investimento en materia de emprego a máis de 90 millóns no que vai de 2013

- ▶ Destaca que a orde para financiar plans de formación, cun orzamento de 6,5 millóns, beneficiará preto de 12.000 persoas, principalmente traballadores ocupados, e tamén persoas desempregadas
- ▶ Subliña a ampliación de crédito da orde de subvencións dos programas integrados para o emprego 2013-2014, que ampliará o seu orzamento pasando de 1,9 millóns de euros a 2,5 millóns de euros, e que beneficiará a 3.000 persoas combinando información, orientación, asesoramento, formación e prácticas laborais

Santiago, 27 de setembro de 2013.- Dentro da aposta do Goberno galego pola formación como instrumento necesario para revitalizar o mercado laboral, o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, destacou, na rolda de prensa do Consello, o desbloqueo da convocatoria de dúas novas ordes de formación, que elevan o investimento nesta materia a máis de 90 millóns de euros no que vai de 2013.

En primeiro lugar, Feijóo destacou o desbloqueo da orde para financiar plans de formación, cun orzamento de 6,5 millóns de euros, e que beneficiará a preto de 12.000 persoas, principalmente traballadores ocupados, aínda que tamén poderán participar persoas desempregadas, sempre que supoñan un mínimo do 20% e un máximo do 40% dos asistentes.

O obxectivo destas axudas é "ofrecer uns plans de formacións axustados ás necesidades do mercado de traballo", dixo, de forma que se favorece o desenvolvemento persoal e profesional

dos traballadores; ao tempo que se mellora a competitividade e produtividade das empresas.

Esta convocatoria divídese en catro eixos. O primeiro deles para financiar accións formativas para persoas traballadoras ocupadas que serán desenvolvidas polas organizacións empresariais e sindicais intersectoriais máis representativas; o segundo eixo vai dirixido a confederacións e federacións de cooperativas ou sociedades laborais con suficiente implantación.

Así mesmo, as entidades asociativas de traballadores autónomos, sempre que sexan intersectoriais e de ámbito galego, poderán recibir ata 195.000 euros. E o cuarto eixo, e último, é o referido aos plans específicos nos que se imparta formación parcial acumulable asociada á obtención de certificados de profesionalidade. Este último eixo estará dotado con 1,1 millóns e os beneficiarios serán os centros e entidades de formación privados, acreditados no Rexistro Oficial de Centros de Galicia.



Por outra banda, o Consello da Xunta aprobou hoxe tamén a ampliación de crédito da orde de subvencións dos programas integrados para o emprego 2013-2014. En concreto, ampliarase o seu orzamento en 628.000 euros, de xeito que dos 1,9 millóns de euros autorizados o pasado mes de abril pasará a 2,5 millóns de euros.

Estes programas beneficiarán a 3.000 persoas e combinan información, orientación, asesoramento, formación e prácticas laborais. Así mesmo, as entidades beneficiarias destas axudas comprométese a acadar, de media, a inserción laboral do 40% dos seus participantes.

Feijóo insistiu en que as ordes aprobadas se inscriben na aposta do Goberno galego por

promover políticas activas que melloran a empregabilidade dos galegos. Así, entre as accións máis salientables, cabe destacar no eido da formación que estes 6,5 millóns para ocupados, súmanse aos máis de 40 millóns que se están a destinar este ano aos cursos para desempregados, e que chegarán a 14.000 persoas.

Ao fio disto, e no eido das políticas activas, a Xunta puxo en marcha os obradoiros de emprego que, dotados con máis de 10 millóns, chegarán entre 2013 e 2014 a 1.300 beneficiarios; os plans de cooperación cos concellos para a contratación de persoas desempregadas, cun orzamento duns 8,6 millóns; e a aposta polos autónomos.

<http://traballo.xunta.es/portada-formacion-e-cualificacions>



Informe do paro rexistrado

Galicia pechou o mes de setembro cun total de 260.733 persoas desempregadas

Santiago, 2 de outubro de 2013.- Galicia pechou o mes de setembro cun total de 260.733 persoas desempregadas. En termos absolutos, esta cifra reflicte un aumento de 3.209 parados máis que no mes anterior, un 1,25 por cento en termos relativos.

A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz López, considerou que se trata dun dato que "non é positivo" ao rexistrarse un aumento do desemprego, un comportamento habitual nos meses de setembro. Con todo, precisou que o incremento deste ano, xunto co de 2012, son os máis baixos desde 2008.

A responsable autonómica fixo fincapé no

dato interanual, que é o mellor desde 2007. A cifra de incremento do desemprego, desde setembro de 2012 a este ano, é do 0,52 por cento (+1.360 persoas). Trátase do segundo mes consecutivo no que a interanual é practicamente de cero.

Ademais, destacou que no que vai de ano o desemprego en Galicia acumula un descenso de 18.054 persoas.



No que se refire ao Estado, o paro aumenta nun 0,54 por cento, o que se traduce en 25.572 persoas ata situarse nos 4.724.355 parados.

Se se analiza o desemprego en Galicia por sectores, obsérvase que a subida do paro débese totalmente ao comportamento do sector servizos

(+4.946), dado que no resto de sectores baixa. A principal baixada rexístrase na construción (-975); seguida pola agricultura e a pesca (-385); a industria (-327); e o colectivo e sen emprego anterior (-50).

Por provincias, o paro incrementouse neste mes en todas elas. Onde máis medrou o desemprego foi en Pontevedra (+1.277), seguida por A Coruña (+1.189), Lugo (+569) e, por último, Ourense (+174).

No mes de setembro rexístráronse en Galicia un total de 69.101 contratos, 4.428 contratos máis que no mes anterior; deste total, 4.905 foron indefinidos e 64.196 temporais.



O DOG publica o decreto da nova carteira de servizos á dependencia que permitirá a Galicia ser a Comunidade máis innovadora neste eido

Santiago, 24 de setembro de 2013. - O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou o decreto que regula a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, que entrará en vigor no prazo dun mes. A previsión é que os primeiros servizos que se ofertarán a través desta ferramenta serán os de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal, xa que esta iniciativa prestará especial atención a estes recursos, tratando de achegar o máximo posible este tipo de servizos aos usuarios, co fin de evitar o seu desarraigo familiar e social.

A nova carteira de servizos para a atención á dependencia ampliará o modelo de atención actual con novos recursos, tendo en conta as características distintivas de cada grao de dependencia. Grazas a este novo modelo, Galicia será a primeira comunidade autónoma en desenvolver unha carteira específica de servizos en función de cada tipoloxía concreta de discapacidade. Polo tanto, defínense por primeira vez na Comunidade Autónoma os servizos atendendo á especialización dos colectivos aos que van dirixidos como, por exemplo, alzhéimer, discapacidade física ou intelectual, dano cerebral ou parálise cerebral.

Este novo modelo de atención cambiará o paradigma da prestación dos servizos para as persoas con dependencia. Con esta modificación, pasarase do actual modelo, que acredita os propios centros, a un no que se acreditan os distintos servizos que pode prestar un determinado centro.

Así, por exemplo, nunha residencia ou centro de día, poderase acreditar non só o seu servizo de residencia asistencial; senón que será posible acreditar por

- ▶ Os primeiros servizos que ofertará serán os de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal
- ▶ Os recursos poderán configurarse nun "menú flexible", de acordo coas necesidades do usuario, que os poderá combinar segundo as súas características e intensidades
- ▶ Con esta carteira, pasarase a acreditar por separado os distintos servizos (fisioterapia, lavandería...) que se prestan en cada instalación, e non os propios centros, como se facía ata o momento
- ▶ Este cambio posibilitará optimizar os recursos dispoñibles, ampliar a oferta, e diversificalos para adecualos ao perfil de cada persoa
- ▶ Como novidade, incluíranse na achega dos usuarios bonificacións especiais tanto para as persoas con discapacidade como para aquelas que teñan familiares ao seu cargo e non dispoñan de ingresos económicos periódicos

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20130924/AnuncioCA05-120913-0001_gl.pdf



separado outros recursos como poderán ser o de lavandería ou de fisioterapia. Isto suporá a optimización dos recursos dispoñibles, haberá unha maior oferta, personalizaranse e adaptaranse ás necesidades e perfil de cada colectivo e haberá unha maior diversificación.

Acreditación de servizos

Polo tanto, con esta nova carteira, acreditaranse os servizos sempre que cumpran os requisitos marcados para iso. Ata agora, o que se autorizaba era un centro como tal (residencia, centro de día, centro de alzhéimer ou centro de atención á discapacidade, por exemplo), polo que os requisitos de autorización eran menos específicos.

Pero agora, como se acredita cada servizo por separado, os requisitos pasan a ser máis definidos e específicos. Deste modo, a partir de agora, establecerase, por cada recurso en concreto, canto persoal ten que ter ese

servizo, con que titulación ou con que frecuencia ten que prestarse (ata agora, os requisitos eran xerais para un centro, non por cada servizo). Ademais de garantir un mínimo de calidade moi elevado, estes requisitos supoñen a posibilidade de homoxeneizar os servizos en todo o territorio, sexan públicos ou privados.

Isto servirá, tamén, xa que poderán beneficiarse de determinados servizos non só os usuarios dos centros, senón os potenciais demandantes deste recurso en concreto que habitan no contorno. Isto é, unha residencia de asistencia seguirá prestando este servizo pero, se ademais, acredita un servizo de fisioterapia non só atenderá os seus propios usuarios, senón que tamén poderá atender outros usuarios externos, sempre que sexan dependentes e teñan unha proposta do seu Programa individual de atención (PIA) no que se establece que precisan este recurso determinado.

Servizos específicos

A oferta da carteira artículase do seguinte xeito: servizos comúns, específicos e de asistente persoal.

Os comúns son aqueles que se prestan a calquera persoa con dependencia recoñecida, pero sen un diagnóstico específico. Neste abano estarían, entre outros, os seguintes servizos: axuda no fogar, teleasistencia e xeolocalización, atención diurna (modalidade básica e terapéutica); atención residencial (modalidade básica e terapéutica), e todos os servizos de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal.

Pola súa banda, os servizos específicos son aqueles deseñados para a atención ás persoas con dependencia debido a algunha causa específica: alzhéimer, discapacidade física, parálise cerebral, dano cerebral, discapacidade intelectual, trastorno do espectro autista e enfermidade mental.

Así, na carteira de servizos específicos de, por exemplo, alzhéimer pode haber tamén un servizo de atención residencial (ao igual que existe un na carteira común), pero este servizo de residencia estará adaptado –en intensidade, persoal e en medios– a este diagnóstico. Deste xeito, os servizos de cada carteira terán un deseño específico adaptado a cada tipo de discapacidade.

Grazas a isto, o colectivo de persoas con discapacidade terá por primeira vez recoñecida unha serie de servizos específicos. Galicia convértese así na primeira comunidade autónoma en desenvolver unha carteira específica de servizos en función da tipoloxía concreta de cada discapacidade física, psíquica ou sensorial.

En terceiro lugar, a carteira

de servizo de asistente persoal estará dirixida a facilitar o apoio persoal, inclusión social e/ou educativa, así como á promoción e participación das persoas que, sendo de idade igual ou superior a 16 anos, se atopan en situación de gran dependencia ou dependencia severa, co obxecto de permitir o seu desenvolvemento nas actividades da vida diaria, laborais e/ou educativas e propiciar a participación da persoa usuaria na vida social e económica.

Barreira da idade

Outro aspecto relevante da carteira é que con este novo modelo se superan certos obstáculos administrativos. Destaca, especialmente, que se rompe a barreira da idade. Ata agora, esta

barreira impedía ás persoas maiores de 65 anos –ou 60 nalgúns casos– con algunha situación de dependencia acceder a servizos que precisasen. Por exemplo, unha persoa por debaixo dos 60 anos cunha enfermidade dexe-nerativa poderá agora acceder a unha residencia. Pola contra, agora os usuarios poderán acceder a un menú de servizos flexible, unha especie de traxe á medida onde se poderán combinar os diferentes recursos existentes para a atención á dependencia dos usuarios.

En definitiva, a carteira de servizos suporá un salto cualitativo moi importante, que garantirá, especialmente, a personalización e calidade da atención. Ademais, abre o camiño cara á creación de

novos servizos que na actualidade non se ofertan porque non están definidos, como poden ser a atención a domicilio para persoas xordas ou a atención residencial para persoas con demencia ou os centros ocupacionais para enfermidade mental.

Con respecto á achega económica dos usuarios, o decreto prevé bonificacións especiais tanto para as persoas con discapacidade como para aquelas que teñan familiares ao seu cargo e non dispoñan de ingresos económicos periódicos.

Marco legal

Actualmente, e unha vez aprobado o decreto, a Consellería xa está traballando na norma que o desenvolverá, é dicir, na

orde que regulará as condicións para a autorización e acreditación dos servizos definidos polo decreto de carteira.

É preciso lembrar que a elaboración da carteira partiu dun estudo en profundidade da situación actual da oferta e demanda de servizos, que se realizou a través de máis de 600 enquisas a profesionais deste eido, ás que se sumaron entrevistas con departamentos das áreas sociais e con persoas especializadas dos distintos sectores implicados.

En definitiva, coa nova carteira de servizos sociais, a Xunta reivindica a súa aposta pola excelencia na prestación de servizos de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas con dependencia.

A Xunta implantará un novo modelo social baseado en catro carteiras de servizos para Dependencia, Maiores, Infancia e Inclusión

Santiago, 30 de setembro de 2013. - A Consellería de Traballo e Benestar implantará un novo modelo de atención social que se baseará en catro carteiras de servizos: de atención á dependencia; para persoas maiores ou con discapacidade que teñan autonomía; para a familia e a infancia; e para a inclusión.

A titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, anunciou esta transformación durante un almorzo-coloquio con entidades do eido social e laboral no que deu conta das liñas estratégicas do departamento para esta lexislatura.

Ata agora, o referente era o edificio, que equivalía por regra xeral a un único servizo. Coa implantación do novo modelo de carteiras permítese que cada instalación poida ofrecer distintos recursos, xa que pasa a acreditarse cada servizo por separado e non o edificio en si mesmo. "Camiñamos cara a uns centros moito máis diversificados e, ao mesmo tempo, máis profesionais e especializados", subliñou a conselleira.

A primeira en "revolucionar o escenario actual dos servizos sociais" será a carteira de servizos de atención á dependencia, que xa foi publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG). Por primeira vez, ademais dos servizos comúns, haberá recursos específicos para cada

colectivo con necesidades especiais: alzhéimer, discapacidade física, parálise cerebral...

A maiores deste decreto, Mato adiantou que o departamento está elaborando unha carteira para persoas maiores ou con discapacidade que teñan autonomía, que ten como obxectivo facilitar o envellecemento activo e atrasar a chegada da dependencia.

Ambas ferramentas complementanse coa

reorganización dos centros que xa existen, para reforzar os seus contidos e dotalos de novos servizos, especialmente naqueles casos onde hai menos demanda pola dispersión poboacional. En definitiva, "trátase de prestar máis servizos nos mesmos centros" e, ao mesmo tempo, adecuarse ao máximo ás necesidades dos usuarios que disporán de recursos máis diversificados.



Galicia e Asturias exploran liñas comúns de actuación para impulsar a dinamización demográfica no noroeste peninsular

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, mantivo unha xuntanza co conselleiro de Presidencia e portavoz do Goberno de Asturias, Guillermo Martínez, para sentar as bases desta colaboración
- ▶ Galicia e Asturias, xunto con Castela e León, son as rexións con maior índice de envellecemento de España
- ▶ O obxectivo de establecer a cooperación en materia de poboación é maximizar os resultados das políticas de loita contra o problema demográfico que se levan a cabo nestas rexións
- ▶ Entre as actuacións previstas pola Xunta para o impulso demográfico, inclúese o aumento do incentivo fiscal de 300 a 360 euros de cara ao próximo ano.

Santiago, 20 de setembro de 2013.- Galicia e Asturias explorarán liñas comúns de actuacións co fin de impulsar a dinamización demográfica na zona noroeste de España. De feito, estas dúas comunidades autónomas, xunto con Castela e León, son as rexións con maior índice de envellecemento do Estado.

Así o anunciaron a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e o conselleiro de Presidencia e portavoz do Goberno de Asturias, Guillermo Martínez, tras unha xuntanza na que abordaron as posibles solucións ao reto demográfico, así como avaliaron as singularidades dos comportamentos poboacionais no norte de España.

Establecer unha cooperación entre as rexións ten como obxectivo maximizar os resultados das políticas de dinamización demográfica que desenvolven cada unha delas. Esta reunión é, polo tanto, “un punto de partida”, segundo explicou Mato, que dá

continuidade ao encontro que mantiveron recentemente neste mesmo sentido os responsables de Asturias e Castela e León.

Ademais, ambos conselleiros salientaron que a finais do próximo mes de outubro ou no mes de novembro está previsto celebrar unha xuntanza na que participarán representantes dos gobernos de Asturias, Galicia, Castela e León e Aragón, que comparten xa un foro sobre poboación no Comité das Rexións da Unión Europea.

Na súa intervención, Mato salientou a necesidade de facer fronte á realidade demográfica, un problema estrutural que “afecta a viabilidade do sistema”. Por iso, considerou que “as primeiras que teñen que dar pasos en firme son as administracións públicas”.

Para avanzar nesta liña, a Xunta realizou un “gran esforzo” por impulsar o Plan de dinamización demográfica 2013-16, horizonte 2020, que foi aprobado no Parlamento de Galicia o pasado mes de abril.



A conselleira de Traballo e Benestar, durante o encontro que mantivo co conselleiro da Presidencia do Principado de Asturias



Guillermo Martínez mantivo un encontro co vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda

Esta estratexia pioneira conta con 69 medidas específicas para dinamizar a demografía galega. Dentro destas actuacións, poderíanse destacar cinco, por ser as máis novidosas e que suporán un beneficio directo

anual para máis de 70.000 familias galegas: o incremento das axudas fiscais, as casas niño, o servizo de axuda no fogar para a infancia, as axudas ao acceso á vivenda, e as bonificacións no transporte público.

<http://www.proyectosymbios.eu/>



Aumento dos beneficios fiscais

Actualmente, Galicia xa é unha das comunidades autónomas con maiores incentivos fiscais para o fomento da natalidade, que serán mellorados a partir de 2014 grazas a este plan. En concreto, a contía deste incentivo fiscal pasará de 300 a 360 euros no próximo ano. Cabe recordar que Galicia é, xunto con Valencia, a única autonomía que aplica estes incentivos durante os primeiros tres anos de vida dos fillos. Ao incrementar estas axudas, Galicia converterase nun “referente estatal nas desgracias á natalidade”.

En canto as casas niño, serán un recurso destinado ao coidado de nenos e nenas de entre 0 e 3 anos no domicilio dun coidador acreditado e en horario flexible. Prestarase fundamentalmente en núcleos rurais.

Pola súa banda, o servizo de axuda no fogar para a infancia estará máis enfocado nas cidades, e atenderá as necesidades das persoas coidadoras habituais de menores de 12 anos. Consistirá na asignación dun número de horas ao ano de atención dun profesional para o coidado

de menores. “Será público, estará prestado por persoal especializado e terá un sistema de prezos en función da renda”, sinalou Mato.

En canto á vivenda, as axudas ao aluguer e adquisición de vivenda contabilizarán os fillos concibidos (antes de que nazan) á hora de calcular as contías.

A quinta medida, referida ao transporte público, incorporará unha bonificación adicional aos pagos coa tarxeta metropolitana de Galicia, que nunha primeira fase se aplicará aos membros de familias numerosas e será

operativa a partir de 2014.

Segundo precisou Mato, estas cinco medidas suporán un investimento por parte da Xunta de case 90 millóns de euros nesta lexislatura.

No ámbito da demografía, ademais deste plan, Galicia está levando a cabo tamén un programa con outras rexións europeas que sofren problemas similares. O proxecto “Symbios” ten como finalidade intercambiar experiencias e prácticas, un proceso que está liderado por Galicia e no que participan distintas rexións de Irlanda, Países Baixos, Finlandia e Portugal.

Expertos europeos en demografía visitan dúas experiencias situadas en Ourense encamiñadas a mellorar a vida da poboación

Ourense, 27 de setembro de 2013.- A directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, e un grupo de investigadores de institucións académicas e outros expertos en demografía de Galicia, Portugal, Irlanda, Holanda e Finlandia visitaron unha cooperativa e un centro de desenvolvemento rural, ambos na provincia de Ourense, para comprobar in situ estas dúas experiencias que tentan contribuir a mellorar a vida da poboación, no marco do proxecto europeo Symbios, liderado pola Consellería de Traballo e Benestar dentro do Programa Operativo de Fondo Social Europeo 2007-13.

En concreto, o grupo achegouse ata a cooperativa do Ribeiro e ata o centro de desenvolvemento rural de Lodoselo. No primeiro caso, González explicou que “o proxecto Symbios consiste basicamente nunha rede de creación e intercambio de coñecemento e experiencias sobre as consecuencias da crise demográfica e do despoboamento de importantes áreas do territorio europeo”.

Unha desas áreas é Galicia, especialmente a súa zona máis rural e interior. A cooperativa traballa da man co Proxecto “Eusumo” porque se considera que ese modelo produtivo axuda a fixar poboación, ten una gran capacidade de resistencia a conxunturas desfavorables e conecta moi ben coa estrutura produtiva tradicional do agro galego.

Polo tanto, a directora xeral indicou que os elementos clave de conexión desta iniciativa co proxecto son o feito de tratarse dunha oportunidade para dar vida e traballo a un territorio

demograficamente vulnerable, ter unha liña de acción social expresa no coidado e apoio ás familias con persoas con alzheimer.

A segunda visita foi ao centro de desenvolvemento rural de Lodoselo, en Sarreaus, que está integrado na rede Symbios a través da Confederación de Centros de Desenvolvemento Rural (COCEDER).

O interese reside, en boa medida, en que presenta innovación social de base comunitaria. A entidade traballa cunha filosofía de desenvolvemento rural endóxeno. Neste sentido, a modo de exemplo, presenta experiencias nas que rehabilitou patrimonio local para darlle utilidade social.

A visita vén a completar o seminario que tivo lugar en Santiago de Compostela e no que os mesmos expertos puideron intercambiar experiencias e buscar fórmulas axeitadas para dar resposta ao impacto social da crise demográfica que xa padecen diversas rexións europeas.

Proxecto Symbios

Os desequilibrios territoriais provocados pola crise demográfica, o envellecemento da poboación e a concentración desta nas grandes cidades inciden na calidade de vida das persoas que habitan nas zonas rurais afectadas, un aspecto que debe ser tido en conta polas administracións públicas de cara á prestación dos distintos servizos.

Debater estas cuestións e procurar novos enfoques para estes desafíos é un dos obxectivos

do proxecto Symbios. Tamén persegue facilitar a xeración de ideas, impulsar a innovación e a creatividade, así como afrontar e deconstruír estereotipos e asuncións comúns.

Ademais da Xunta de Galicia, tamén colaboran nel outras entidades galegas como o Instituto de Desenvolvemento Económico de Galicia (IDEGA) da Universidade de Santiago de Compostela (USC); o Instituto Galego de Estatística (IGE); a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER); o colexio de Traballo Social de Galicia; e a rede de centros de desenvolvemento rural (COCEDER). Tamén forman parte activa do proxecto o Consello Rexional de Carelia do Norte de Finlandia, a Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro de Portugal, a Universidade Zuyd de Ciencias Aplicadas de Holanda e o University College Cork de Irlanda.

Esta iniciativa inscribíse no traballo que está a realizar o Goberno galego para facer fronte á crise demográfica. Para avanzar nesta liña, a Xunta impulsou o Plan de dinamización demográfica 2013-16, horizonte 2020, que foi aprobado no Parlamento de Galicia o pasado mes de abril.

Esta estratexia pioneira conta con 69 medidas específicas para dinamizar a demografía galega. Dentro destas actuacións, poderíanse destacar cinco, por ser as máis novidosas e que suporán un beneficio directo anual para máis de 70.000 familias galegas: o incremento das axudas fiscais, as casas niño, o servizo de axuda no fogar para a infancia, as axudas ao acceso á vivenda, e as bonificacións no transporte público.

Política social

Benestar colabora coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas na posta en marcha dun sistema en liña de videoconferencia pioneiro en Galicia

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e o presidente da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), Iker Sertucha, presentaron na Coruña 'O Servizo de Axente de Recursos Sociais'
- ▶ Esta iniciativa, coa que colabora o departamento autonómico, permitirá ás persoas xordas realizar consultas en diversas áreas, como a social e a laboral, desde a súa casa
- ▶ Mato destacou que o Goberno galego apoia este colectivo a través do desenvolvemento de programas, de subvencións ao emprego e do servizo de voluntariado
- ▶ Resaltou que a Federación recibiu 6 millóns de euros en axudas públicas desde 2009
- ▶ Avanzou que a nova Lei de a accesibilidade fomentará a formación de intérpretes profesionais en lingua de signos



Beatriz Mato presentou na Coruña, xunto co presidente da FAXPG, Iker Sertucha, un sistema online de videoconferencia pioneiro en España

http://www.faxpg.es/c/portal/layout?p_id=PUB.1029.132



A posta en marcha desta iniciativa é posible, tal e como explicou a conselleira, a través do sistema Bidtec de videointerpretación en Lingua de Signos para a accesibilidade nos servizos de atención ao público de empresas e institucións. Este sistema, de feito, está implantando na Xunta, tras unha petición que fixo a propia Federación, segundo lembrou a titular de Benestar.

Por último, a conselleira resaltou que a colaboración do Goberno galego con este colectivo non só se limita ao eido económico e, neste senso, recordou que a Xunta está a traballar na elaboración da nova Lei de accesibilidade de Galicia que está previsto levar ao Parlamento neste período de sesións.

O novo texto legal actualizará e mellorará a normativa autonómica vixente que data de 1997. Mato apuntou que esta nova lei recolle aspectos "moi relevantes" para as persoas con discapacidade auditiva como, por exemplo, o fomento da supresión de barreiras na comunicación.

Tamén se promove a formación de intérpretes profesionais en lingua de signos e a existencia deste persoal especializado nas administracións públicas. Así mesmo, velarase pola existencia dun plan de medidas técnicas nos medios de comunicación audiovisuals públicos para, por exemplo, a incorporación de subtítulos co obxectivo de garantir o dereito destas persoas á información. Velarase, ademais, pola accesibilidade universal en elementos como a sinatura electrónica e a navegación por páxinas web públicas.

En definitiva, Mato concluíu afirmando que a Xunta seguirá a traballar "de forma coordinada" coas entidades de iniciativa social de Galicia para conseguir "unha integración e igualdade de oportunidades real e efectiva".

Máis de 7.600 nenos de 0 a 3 anos incorporáronse ás 147 escolas a Galiña Azul

- ▶ A apertura de novos centros incrementa a matrícula nun 6 por cento o número de matriculados respecto ao curso pasado
- ▶ Máis de 19.000 familias terán este curso unha praza 0-3 sostida con fondos públicos

Santiago, 4 de setembro de 2013.- O xoves 5 de setembro arrancou o novo curso nas escolas infantís da rede autonómica A Galiña Azul. Para os primeiros días estes centros infantís programaron un período de adaptación e irán acollendo progresivamente a incorporación de máis de 7.600 nenos e nenas de entre 0 e 3 anos, 450 máis que o curso pasado.

Neste inicio de curso a Rede de Escolas Infantís A Galiña Azul ten seis centros máis que en setembro do ano pasado ao contar coa escola de Vigo-San Paio, que entrou en funcionamento a finais de 2012; a nova escola de Curtis, que abriu en abril; e outras catro escolas que inician a súa actividade agora: Arteixo, Alfoz, Moaña e Tui.

A oferta de prazas nas escolas da Xunta ascende así a 8.586. Por provincias, a oferta é de 3.272 prazas na Coruña, 935 en Lugo, 1.124 na provincia de Ourense e 3.255 en Pontevedra.

Prazas sostidas con fondos públicos

Ademais das escolas da Rede A Galiña Azul que inician agora o curso, a oferta de prazas sostidas con fondos públicos inclúe tamén escolas municipais, de iniciativa social e cheque infantil, conformando unha oferta global de máis de 19.000 prazas.

A planificación da Consellería de Traballo e Benestar prevé continuar incrementando esa oferta pública durante a

presente legislatura. Así, nos próximos catro anos está previsto crear 3.500 novas prazas, das que 2.000 xa están planificadas.

En canto á actividade neste novo curso nas escolas infantís, na planificación dos primeiros días os profesionais están a ter en conta as características dos nenos e nenas de cada escola, é dicir, se se incorporan por primeira vez ao centro ou se volven dun período de vacacións. A incorporación faise sempre de xeito paulatino comezando cunhas xornadas compartidas cos pais ou nais e incrementando progresivamente o número de horas de asistencia dos pequenos ao centro.



<http://escolasinfantis.net/>



Política social

A Xunta reforza o apoio ás persoas con discapacidade co impulso dunha Lei de accesibilidade que reducirá barreiras e garantirá a máxima protección deste colectivo

- ▶ “Estamos a falar de menos barreiras para as persoas con discapacidade, non só arquitectónicas senón tamén noutros eidos importantes como o acceso á comunicación; e máis protección contra a marxinación que poidan sufrir, ao establecer un novo réxime de sancións, que será o máis rigoroso que permite a lei estatal”, subliña Feijóo
- ▶ Lembra o importante esforzo que a Xunta fixo desde o ano 2009, ofrecendo máis oportunidades ás persoas con discapacidade: un esforzo orzamentario, blindando o orzamento de 2013 malia as restricións orzamentarias; maior esforzo de atención residencial; maior esforzo para facilitar a súa integración laboral; e tamén máis planificación
- ▶ O novo texto permitirá actualizar e unificar a normativa, ademais de que suporá un cambio de filosofía ao blindar “un enfoque máis global”
- ▶ Entre as novidades, o proxecto propón máis facilidades para a mobilidade das persoas con discapacidade e máis acceso á vivenda, pasando do 3 ao 4 por cento a porcentaxe de reserva de vivendas adaptadas na promoción pública

Santiago, 27 de setembro de 2013. - O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, anunciou, na rolda de prensa do Consello, que a Xunta reforzará o apoio ás persoas con discapacidade co impulso dunha Lei de accesibilidade que reducirá barreiras e garantirá “unha verdadeira inclusión deste colectivo na sociedade”. “Estamos a falar de menos barreiras para as persoas con discapacidade, non só arquitectónicas senón tamén noutros eidos importantes como o acceso á comunicación; e máis protección contra a marxinación que poidan sufrir, ao establecer un novo réxime de sancións, que será o máis rigoroso que permite a lei estatal”.

Feijóo lembrou que desde 2009, o Goberno galego ten feito un esforzo moi importante por dar máis oportunidades ás persoas con discapacidade: un esforzo orzamentario, blindando o orzamento de 2013 malia as restricións orzamentarias, con arredor de 83 millóns destinados á atención social e ao fomento do emprego deste colectivo; un esforzo de atención residencial, cando incrementamos as prazas para discapacidade un 14,5%

desde o ano 2009; un esforzo para facilitar a súa integración laboral, contemplando reserva de contratos a centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral cun mínimo de entre o 3 e o 5% de reserva de contratos para este colectivo; e un importante esforzo de planificación, reflectido no Plan de acción integral que, con máis de 300 medidas, xa executadas nun 90%, e beneficia anualmente unha media de 100.000 persoas con algún tipo de discapacidade.

No tocante ao novo texto, o titular da Xunta destacou que a lei permitirá actualizar e unificar a normativa; ademais dun cambio de filosofía ao blindar “un enfoque máis global”. “Ata agora, a normativa actual partía do concepto de eliminación de barreiras só no eido arquitectónico. Coa nova normativa pretendemos que a accesibilidade teña un carácter universal e que se converta nun deseño para todos. Non só contempla unha eliminación de barreiras arquitectónicas, senón que vai máis alá e inclúe, por exemplo, o concepto de accesibilidade no ámbito da comunicación”, explicou.

Con esta nova filosofía, a



norma incorpora ámbitos que non estaban regulados como os referidos á sociedade da información, ás telecomunicacións e ao acceso aos bens e servizos das administracións públicas.

Deste xeito, Feijóo precisou que, entre outras novidades, o proxecto propón: máis facilidades para a mobilidade das persoas con discapacidade; e máis acceso á vivenda, pasando do 3 ao 4 por cento a porcentaxe de reserva de vivendas adaptadas na promoción pública.

Supresión das barreiras no eido das comunicacións

No tocante ás garantías de acceso á comunicación, o titular da Xunta subliñou que as administracións públicas deberán promover a supresión de barreiras mediante o establecemento de mecanismos e alternativas técnicas e humanas, como os intérpretes de lingua de signos para persoas xordas, con discapacidade auditiva e persoas xordocegas.

Para acadar este obxectivo, fomentárase a formación de profesionais intérpretes da lingua de signos e guías-intérpretes e a

existencia nas distintas administracións públicas deste persoal especializado.

Así mesmo, a norma regulará tamén que á Comisión Técnica de Accesibilidade se incorpore persoal dos departamentos autonómicos competentes en materia de urbanismo, vivenda e mobilidade. “Este é o único órgano no que depositamos as súas funcións como a incoación, tramitación e proposta de resolucións de expedientes sancionadores e será tamén o único órgano de asesoramento técnico ao Goberno”, sinalou Feijóo. E máis protección dos dereitos de persoas con discapacidade cun novo réxime de sancións, que será “o máis rigoroso que permite a lei estatal”, explicou.

O presidente da Xunta resumiu insistindo no seu triplo compromiso: menos barreiras para as persoas con discapacidade; máis medidas de prevención da súa discapacidade; e máis protección contra a marxinación que poidan sufrir. Ademais, puxo énfase en que o texto legal valorado hoxe polo Consello foi consensuado coas organizacións do eido da discapacidade agrupadas en CERMI.

Xuventude e voluntariado

Xuventude coordina 33 proxectos xuvenís europeos con 550.000 euros e abrirá en outubro unha nova convocatoria de axudas

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou na presentación desta iniciativa e lembrou que as novas tecnoloxías ofrecen grandes posibilidades e vantaxes, pero tamén certos perigos
- ▶ Para contribuir a facer fronte a estes posibles riscos, a través dos centros ‘Quérote máis’, lévanse a cabo diferentes iniciativas coa colaboración e asesoramento do Grupo de Delitos Telemáticos da Garda Civil e a Policía Nacional
- ▶ No curso 2012/2013 impartíronse obradoiros sobre o uso seguro das novas tecnoloxías de comunicación en máis de 120 centros de ensino de toda Galicia para preto de 5.000 mozos e mozas
- ▶ De xeito complementario, impartíronse 37 obradoiros acerca do uso correcto das tecnoloxías da información, que incluíron formación con familias, actividades solicitadas por asociacións e concellos, e obradoiros específicos para persoas con diversidade funcional, con preto de 1.000 beneficiarios.

Rois (A Coruña), 6 de setembro de 2013. - A Consellería de Traballo e Benestar está a coordinar este ano un total de 33 proxectos xuvenís a través do programa europeo Xuventude en Acción. O director da área autonómica, Ovidio Rodeiro, participou en Rois, no Pazo do Faramelo, na presentación dun destes proxectos, onde avanzou que o próximo outubro terá lugar a última convocatoria deste ano para solicitar

as subvencións de proxectos que se deberán realizar entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2014.

